

EXPEDIENTE: 2025/E001/000002

ASUNTO: CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA MONITORES/AS DEPORTIVOS/AS.

TRÁMITE: ACTA 1

Na Casa do Concello de Dodro, sendo ás 11:00 horas do día 08/07/2025 reúnese o Tribunal Cualificador encargado do proceso para a selección mediante concurso-oposición de persoal para formación de bolsa de emprego para monitores/as deportivos/as segundo as bases aprobadas por Resolución de Alcaldía número 302/2025 do 03/07/2025.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 3 de xuño de 2025 (BOP núm. 104) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do tribunal:

Presidente:

Roberto Martínez Cortizo, persoal laboral fixo do Concello de Padrón.

Vogais:

José Manuel Trigo Romero, persoal laboral fixo do Concello de Brión

Bernardo Rial Lago, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo.

María Elísabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro

O Tribunal Cualificador procede a elaborar o exame que consiste en formular 20 preguntas tipo test, con tres alternativas de resposta cada unha, das cales solo unha será a correcta, sobre o temario indicado no Anexo III das citadas bases.

Sendo ás 12:00 horas o Tribunal Cualificador procede, no Salón de Plenos do Concello de Dodro, ao chamamento por orde alfabética das persoas aspirantes:

Apelidos e nome	Asistencia
Iglesias Rial, Martín	Si
Rodríguez Blanco, Gabriel	Si

Repártense as copias dos exames e danse as instrucións para a súa realización.

A proba comeza ás 12:06 h e transcorre sin incidencias.

Rematada a proba ás 12:20h, por finalización por parte dos aspirantes.

Sendo as 12:30 h, comeza a corrección do exercicio, empezando coa apertura dos sobres que conteñen os exames para a súa corrección.

Finalizada a corrección dos exames procédese a apertura dos sobres que conteñen a identificación dos aspirantes. O tribunal por unanimidade dos seus membros outorga as seguintes puntuacións:

Apelidos e nome	Puntuacións
Iglesias Rial, Martín	28.50
Rodríguez Blanco, Gabriel	25.50

Non é preciso realizar o segundo exercicio da fase de oposición xa que os aspirantes acreditaron o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 3 ou equivalente.

A continuación o Tribunal Cualificador procede a examinar os méritos debidamente acreditados polos aspirantes segundo o establecido na base 9.2, que indica o seguinte:

"9.2 SEGUNDA FASE: CONCURSO: Puntuación máxima 20 puntos (Non eliminatorio)

Nesta fase serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A- FORMACIÓN: Formación específica debidamente acreditada e homologada, directamente relacionada coas funcións e competencias profesionais do posto de traballo, ou aquela considerada formación transversal polo tribunal. A razón de 0,05 por cada hora acreditada. Máximo 10 puntos.

Só se valorarán as accións formativas debidamente impartidas por Administracións Públicas e centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo sempre que fosen oficialmente recoñecidos e homologados por un organismo público, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais (como son os relacionados co coñecemento da lingua galega, coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros).

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación de copia simple do título ou por medio do certificado e no que deberá figurar o número de horas do curso e o seu contido.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas de duración nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos.

B- EXPERIENCIA PROFESIONAL: Experiencia laboral en postos da mesma categoría. Máximo 10 puntos, a razón de:

- 0,25 puntos por cada mes ou fracción de 30 días por servizos prestados en*

calquera Administración Pública

- *0,15 puntos por cada mes ou fracción de 30 días por servizos prestados no sector privado.*

A experiencia profesional deberá acreditarse con copia dos contratos de traballo máis o Informe de vida laboral ou, no caso de Administracións Públicas, certificado de servizos prestados na Administración no que se explicita o posto de traballo, grupo de pertenza ou equiparación, duración do contrato/nomeamento e tipoloxía da xornada xunto co Informe de vida laboral completo.

A puntuación da experiencia profesional referida anteriormente está referida a xornada completa, sendo que no suposto de xornada parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente.

Non se terán en conta os períodos inferiores a un mes, nin o tempo de traballo realizado por conta propia."

O resultado obtido é o seguinte:

Iglesias Rial, Martín		Puntuación
Experiencia profesional (máximo 10 puntos)	Servizos prestados en calquera - Administración Pública	
	Servizos prestados no sector privado 8 meses	1,2 puntos
TOTAL EXPERIENCIA 1,2 puntos		
Formación (máximo 10 puntos)	Cursos de formación	"Dopaje: Lo que debes saber" 1,5 puntos
		"Evolución de los medios y recursos didácticos y su práctica en el aula" 6,25 puntos
		Innovación educativa: flipped classroom" 6,25 puntos
	TOTAL FORMACIÓN 10 puntos	
		TOTAL 11,2 puntos

Rodríguez Blanco, Gabriel		Puntuación
Experiencia profesional (máximo 10 puntos)	Servizos prestados en calquera - Administración Pública	
	Servizos prestados no sector privado Apórtase vida laboral pero non contratos	0 puntos
TOTAL EXPERIENCIA 1,2 puntos		
Formación (máximo 10 puntos)	Cursos de formación	"Prevención de riscos laborais nivel básico" 3 puntos

puntos)	TOTAL FORMACIÓN 3 puntos
	TOTAL 3 puntos

As **puntuacións globais** finais son as seguintes:

Apelidos e nome	Puntuación fase oposición	Puntuación fase concurso	Puntuación total
Iglesias Rial, Martín	28.50	11.20	39.70
Rodríguez Blanco, Gabriel	25.50	3.00	28.50

Visto o anterior o Tribunal Cualificador acorda:

PRIMEIRO.- Que se publique a puntuación obtida polos aspirantes no taboleiro da sede electrónica do concello (www.sede.dodro.gal), concedéndose un prazo de **tres (3) días** hábiles para presentación de alegacións.

SEGUNDO.- Propoñer ao órgano competente a formación da bolsa de emprego de monitores/as deportivos/as, integrada pola seguinte lista de persoas aprobadas, por orde decrecente de puntuación.

Iglesias Rial, Martín con DNI.- ***104***

Rodríguez Blanco, Gabriel con DNI.- ***078***

Sendo ás 13:05 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan dixitalmente todos os membros do Tribunal, do que dou fe.